



**EXPEDIENTE 2025/E001/000007. Selección de persoal laboral temporal por substitución do operario auxiliar do camiión do lixo.**

**Lista de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.**

**ANTECEDENTES**

05.02.2026. Por Decreto da Alcaldía n.º 46/2026, aprobáronse as bases e a convocatoria para do proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal por substitución do operario auxiliar do camiión do lixo.

11.02.2026. Anuncio convocatoria e Bases de selección. (BOP. Núm 28).

24.02.2026. Certificado secretaría-intervención onde consta a non presentación de solicitudes no prazo de 10 días naturais previsto nas Bases.

24.02.2026. Por Decreto da Alcaldía n.º 64/2026, resolveuse *Presentar a correspondente oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado dun operario auxiliar do camiión do lixo, como persoal laboral temporal, 25 horas semanais na modalidade de substitución*

13.03.2026. Resultado da selección remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte.

Solicitudes de participación que figuran no listado remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello (oferta 12-2026-1772 – mozos de recollida de lixo-vertedoiros:

APELIDOS E NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
Iglesias Mora Antonio		Non participa no proceso
Iglesias Carril José Ramón	***5805**	Non participa no proceso
López Cea Alejandro	***9629**	Participa no proceso
Pena Gustavo Arturo	***4447**	Participa no proceso
Valiño Cereijo José Luís	***9893**	Non participa no proceso

**CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.



- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Decreto da Alcaldía n.º 46/2026, aprobaron as bases e a convocatoria para do proceso de selección.

**RESOLUCIÓN:**

**PRIMEIRO.** Aprobar a listaxe de admitidos ao proceso selectivo mediante concurso-oposición para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación na modalidade de substitución do operario auxiliar do camiión do lixo, como persoal laboral temporal.

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN CELGA
López Cea Alejandro	***9629**	SÍ
Pena Gustavo Arturo	***4447**	NON

**SEGUNDO.** Nomear ao tribunal cualificador do proceso de selección que terá a seguinte composición:

- Presidente: Juan Manuel Corral Sánchez, xefe obras e servizos do Concello de Boqueixón.
- Secretario: Manuel Rodríguez Quintáns, auxiliar administrativo do Concello de O Pino.
- Vogal 1º: José Ramón Casal Orza, administrativo do Concello de Touro.
- Vogal 2ª: Paula Martínez Cereijo, auxiliar administrativa do Concello de Touro.
- Vogal 3ª: Paz Gutiérrez Abella, traballadora social do Concello de Touro.

**TERCEIRO.** Fixar a data para a sesión de constitución do Tribunal para o xoves 4 de xuño ás 11.00 horas na Casa do Concello de Touro.

**CUARTO.** Fixar a data para a realización da fase de oposición) para o xoves 4 de xuño de 2026 ás 11.15 horas na "Nave de Servicios Municipales" situada en Rúa Río Ulla nº 5 – Fonte Díaz – Touro.

**QUINTO.** Publicar a presente no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

**SEXTO.** Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

José López González, secretario-interventor